

CURSO 2020-21
DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE NA ESO

**PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA
PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES.**

O Departamento atenderá á avaliación continua que se realizará no curso no que o alumno pendente estea matriculado e, ademais, atenderá ao dereito que os alumnos teñen a realizar probas extraordinarias nos meses de maio e de setembro.

Os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior serán informados polo profesor da materia no curso en que está matriculado e polo profesor de pendentes sobre as actividades de recuperación e sobre as datas de probas extraordinarias que se celebrarán ao longo do curso.

O seguimento do alumno correrá a cargo do profesor do curso no que se atope matriculado e do profesor de pendentes, tendo sempre en conta o seu comportamento académico no curso de referencia e a superación ou non dos obxectivos e dos contidos mínimos correspondentes ao curso anterior.

Contéplase, tamén, a posibilidade de desenvolver clases de recuperación de Lingua Castelá e Literatura. Cunha periodicidade dunha sesión lectiva semanal, estas clases adicaranse á revisión dos contidos básicos do curso pendente, mediante a explicación e a resolución de dúbidas, así como á corrección de boletíns de exercicios. A asistencia regular a estas clases, o comportamento axeitado, o traballo e a entrega dos exercicios feitos e corrixidos incrementará ata en 2 puntos a cualificación que o alumnado obteña nos exames.

Para aprobar a materia pendente os alumnos deberán presentarse a dous exames parciais, un en xaneiro e outro en abril. Se a nota media destes dous exames é igual ou superior a 5 terán aprobada a materia pendente de Lingua Castelá e Literatura. Non se fará nota media cando unha das partes esté puntuada con menos dun 3,5. Os alumnos que non superen a media de 5 nos dous parciais citados anteriormente, realizarán un exame extraordinario de toda a materia no mes de maio. Se non superan este exame cunha cualificación igual ou superior a 5, realizarán o exame extraordinario de pendentes en Setembro, que será igual aos do curso correspondente.

Os alumnos non serán avaliados dos contidos que non se traballaron durante o terceiro trimestre do curso 2019-20 debido á suspensión das clases.

HORA DE ATENCIÓN A PENDENTES:

LINGUA CASTELÁ PENDENTE DE 1º e 3º ESO (Con cita previa)	Venres, recreo 11:00-11:30 ou 11:50-12:20
(NOVO) XOVES POLA TARDE	Xoves, 16:15-16:40

Para aprobar a materia pendente os alumnos deberán presentarse a dous exames parciais, un en xaneiro e outro en abril. Se a nota media destes dous exames é igual ou superior a 5 terán aprobada a materia pendente de Lingua Castelá e Literatura. De xeito orientativo, no primeiro exame entrarán os catro primeiros temas do libro de texto, e na segunda proba entrarán do tema 5 ao 8.

Os alumnos que non superen a media de 5 nos dous parciais citados anteriormente, realizarán un exame global de toda a materia no mes de maio.

As datas provisionais dos parciais son as seguintes:

1º parcial (temas 1-4): venres 22 de xaneiro (16:30- 17:45) 2º parcial (temas 5-8): martes 20 de abril (17:00-18:30) Exame final: martes 4 de maio (16:30-18:00)

A través da Aula Virtual informárase ao alumnado das datas de exames, contidos de cada parcial e actividades de seguimento. Por isto, convén que o alumnado se automatricule nos cursos de pendentes da Aula Virtual, se non figura matriculado xa.

Cada quincena subiránse á Aula Virtual unha serie de actividades para a revisión e consolidación dos contidos básicos do curso pendente. Os alumnos terán unha data límite para a entrega destas actividades a través da Aula virtual. Durante o **recreo dos venres, na aula multimedia** do instituto (1º andar), con cita previa, ou **na biblioteca os xoves pola tarde antes do inicio das clases**, os alumnos poderán resolver as dúbidas que teñan sobre as actividades propostas.

A entrega regular dos exercicios propostos, sempre e cando se respecte o prazo establecido, incrementará en ata 2 puntos a cualificación que o alumnado obteña nos exames.

As xuntanzas no recreo comezarán o día 6 de novembro.

Asdo. Mª Carmen Sanjurjo